

UB IWERKS: COMICOLOR CARTOONS

1431

Ub Iwerks, 1928-1936

ESTREA EN NUMAX: 22.12.2024 | V.O.S.E. | TP | 66 min

- Steamboat Willie (Walt Disney & Ub Iwerks, 1928, 8 min)
- The Skeleton Dance (Walt Disney & Ub Iwerks, 1929, 6 min)
- Jack Frost (Ub Iwerks, 1934, 9 min)
- Balloon Land (Ub Iwerks, 1935, 7 min)
- Summertime (Ub Iwerks, 1935, 8 min)
- Sinbad the Sailor (Ub Iwerks, 1935, 7 min)
- The Three Bears (Ub Iwerks, 1935, 8 min)
- Tom Thumb (Ub Iwerks, 1936, 7 min)
- Ali Baba (Ub Iwerks, 1935, 7 min)



Ub Iwerks, 1928-1936

O xenio na sombra da Disney

Durante anos, Ub Iwerks foi considerado, non só como o mellor animador da industria, senón como o “xenio na sombra” responsable do éxito de Walt Disney. O tempo e os feitos demostraron en parte o primeiro, e desmentiron o segundo. A carreira de Iwerks remóntase a 1916 en Kansas City, onde traballaba xunto con Walt Disney no Pesman-Rubin Comercial Art Studio. A partir dese momento as traxectorias de ambos van unidas. Cando Disney se traslada a Hollywood e funda o Disney Brothers Studio en 1923, Iwerks é un dos seus primeiros animadores.

Moito mellor animador que Disney (e tamén, un dos máis rápidos do negocio), o papel de Iwerks é fundamental no desenvolvemento do Estudio Disney tanto na época muda como nas primeiras experiencias sonoras. As tres primeiras curtas de Mickey Mouse e a primeira “Silly Symphonies” (*The Skeleton Dance*), foron practicamente animados por Iwerks en solitario. Hoxe día é xeralmente admitido que o deseño orixinal de Mickey Mouse foi obra tamén de Iwerks.

Aqueles primeiros anos foron tempos duros no Estudio Disney, e as esixencias de Walt de maior calidade na animación foron aos poucos minando a paciencia e os nervios de Iwerks, quen, doutra banda, afeito a animar case en solitario, se negaba a adaptarse aos novos sistemas de produción e delegar parte do seu traballo nos seus asistentes. A situación foi facéndose cada máis tensa ata que, en 1930, Iwerks decide abandonar a Disney e aceptar unha proposta do distribuidor Pat Powers para crear o seu propio estudio.

En 1933, Iwerks prepara a serie Comicolor, baseada en personaxes e contos clásicos. Esta serie está filmada, como o seu nome indica, en cor mediante o procedemento bicromático Cinecolor. Neste período Iwerks incrementa o seu pesoal contratando extraordinarios profesionais como Otto Englander, Ben Hardaway, Bernie Wolf, Dick Bickenbach, Norm Blackburn, Steve Bosustow e Frank Tashlin. A serie é irregular pero con varios episodios brillantes, especialmente *Balloonland*. A serie Comicolor sería distribuída pola compañía de Pat Powers, Celebrity Cartoons, pero a través dunha compañía modesta non era posible igualar os ingresos xerados mediante a distribución a través dun gran estudio. Forzado polos problemas económicos, o estudio Iwerks pecha as súas portas en 1936.

Ata 1940 Iwerks trata de sobrevivir como produtor independente conseguindo subcontratar de Leon Schlesinger (dúas curtas de Porky en 1937), ou de Charles Mintz (quinze curtas para Columbia de 1938 a 1940). Mesmo se atreveu cunha pequena serie pola súa conta, chamada “Gran’Pop Monkey”, da que realizou tres películas que probablemente non chegaron sequera a ser distribuídas.

Finalmente, e a pesar das diferenzas que os separaban dez anos atrás, Iwerks volve traballar para Disney. Esta vez non como animador, senón inventando ou perfeccionando novas tecnoloxías, especialmente no campo dos efectos especiais ópticos, o que lle valeu o recoñecemento da industria a través de dous premios Óscar. Iwerks permaneceu no Estudio Disney ata a súa morte en 1971.

Publicado en cartoonclasico.blogspot.com